

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Panadería Da Cunha, S.L para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Santiago de Compostela, dezanove de maio de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, don _____, en nome e representación da empresa _____, como representante legal desta, segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____ con data _____ e número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás

necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa colaboradora.

6º. Que a empresa Panadería Da Cunha, S.L. está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, na que a empresa facilita ao centro de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquela ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Panadería Da Cunha, S.L para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa Panadería Da Cunha, S.L e no centro educativo CIFP Paseo das Pontes, da Coruña.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Este proxecto de formación profesional dual ten carácter experimental e ten as

seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia os currículos oficiais implantados na Comunidade Autónoma de Galicia, o establecido no Decreto 224/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Panadaría, Repostaría e Confeitaría, e o Decreto 58/2010, do 18 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Servizos en Restauración.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro de 2017 ata o 15 de setembro de 2019.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo de Panadaría, Repostaría e Confeitaría, e a obtención do título de técnico en Panadaría, Repostaría e Confeitaría.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, en cada un dos anos de vixencia deste proxecto dedicarase ata un máximo dun 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa, a formación complementaria á establecida nos currículos do ciclo formativo, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade.

Segunda. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (distribución da formación curricular e a temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. A empresa Panadería Da Cunha, S.L. comprométese a acoller nas súas instalacións un mínimo de 15 alumnas e alumnos para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

A empresa Panadería Da Cunha, S.L. colaborará coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais e probas de coñecementos que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. A empresa comunicará ao alumnado os procedementos utilizados na selección con anterioridade a súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal da empresa coa la colaboración dunha persoa representante do centro educativo, de maneira que a selección garanta cubrir o número mínimo de alumnos/as que a empresa se comprometera a acoller nas súas instalacións.

Cuarta. A empresa Panadería Da Cunha, S.L. comprométese a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. A empresa Panadería Da Cunha, S.L. achegará a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 500 euros, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente na empresa. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de forma proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora nas empresas.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.
- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. O alumnado adquirirá a formación presencial no centro educativo, ou na modalidade a distancia, segundo a temporización recollida no anexo deste convenio, e no horario lectivo que se estableza.

Sexta. A estadía do alumnado nas empresa axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral da empresa, reservándose ata un máximo de catro horas cada quincena para a recepción do

alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Sétima. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións en cada un dos cursos de duración do proxecto, dos cales 15 días disporanse durante o período de formación no centro e outros 15 durante o período de formación nas instalacións da empresa.

Oitava. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

A empresa Panadería Da Cunha, S.L. nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Ademais, esta persoa será a interlocutora coas empresas para o desenvolvemento do proxecto.

Novena. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da subdirección xeral de formación profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do CIFP Paseo das Pontes.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

Dous representantes da empresa Panadería Da Cunha, S.L.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

Décima. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo primeira. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

Décimo segunda. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite. Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o regulamento polo que se desenvolve a citada lei orgánica, nin o alumnado nin a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal disporán destes con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria**

**O representante da empresa Panadería
Da Cunha, S.L.**

Asdo.: Román Rodríguez González

Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Distribución da formación curricular do ciclo formativo de grao medio en Panadaría, Repostaría e Confeitaría, e formación complementaria do ciclo formativo de grao medio en servizos en restauración

Duración del proxecto			Curso 2017-2018	Curso 2018-2019	FCT
Formación curricular	Centro educativo	Formación centro educativo (50 %)	576	550	
	Empresa	Formación en empresa (50%)	384	347	410
Total			2.267 h		

FCT: formación en centros de trabajo.

1.2 Temporalización dos módulos profesionais

1.2.1 Curso 2017-2018

1.2.1.1 Planificación

Curso 2017 - 2018													
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	
	Formación no centro educativo, modalidade a distancia (FCE).												
	Formación no centro educativo, modalidade presencial (FCE).						Actividade profesionalizadora / formación na empresa (FEM).						

1.2.1.2 Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Módulo	Horas totais módulo	FCE		FEM
			Presencial	Distancia	
MP0024	Materias primas e procesos en panadería e repostería.	133	88	0	45
MP0025	Elaboracións de panadería e bolaría.	347	200	0	147
MP0026	Procesos básicos de pastelería e repostería	240	100	0	140
MP0030	Operacións e control de almacén na industria alimentaria	80	60	0	20
MP0031	Seguridade e hixiene na manipulación de alimentos	53	40	0	13
MP0033	Formación e orientación laboral.	107	0	88	19
TOTAL		960	488	88	384



1.2.2 Curso 2018-2019

1.2.2.1 Planificación

Curso 2018 - 2019												
Set.	Out.	Nov.	Dec.	Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.
	Formación no centro educativo, modalidade a distancia (FCE).											
	Formación no centro educativo, modalidade presencial (FCE).						Actividade profesionalizadora / formación na empresa (FEM).					

1.2.2.2 Organización dos módulos profesionais

Código módulo	Módulo	Horas totais módulo	FCE		FEM
			Presencial	Distancia	
MP0027	Elaboración de confeitaría e outras especialidades.	192	110	0	82
MP0028	Sobremesas en restauración.	140	110	0	30
MP0029	Produtos de obradoiro.	175	110	0	65
MP0032	Presentación e venda de produtos de panadería e pastelería.	70	66	0	4
MP0034	Empresa e iniciativa emprendedora.	53	0	44	9
MP0150	Operacións básicas en bar e cafetería. (*)	267	110	0	157
TOTAL		897	506	44	347

(*) Módulo profesional do ciclo de grao medio en Servizos en Restauración



1.3 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

1.3.1 Título de técnico en Panadaría, Repostaría e Confeitaría

Cualificacións profesionais completas

■ Panadaría e bolaría, INA015_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0034_2: realizar e/ou dirixir as operacións de elaboración de masas de panadaría e bolaría.
– UC0035_2: confeccionar e/ou conducir as elaboracións complementarias, a composición, a decoración e o envasamento dos produtos de panadaría e bolaría.
– UC0036_2: aplicar a normativa de seguridade, hixiene e protección do ambiente na industria panadeira.
■ Pastelería e confeitaría, INA107_2 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0305_2: controlar o aprovisionamento, a almacenaxe e a expedición das materias primas e auxiliares e dos produtos terminados, e preparar os equipamentos e os utensilios que se utilizarán nos procesos de elaboración.
– UC0306_2: realizar e/ou controlar as operacións de elaboración de masas, pastas e produtos básicos de múltiples aplicacións para pastelería e repostaría.
– UC0307_2: realizar e/ou controlar as operacións de elaboración de produtos de confeitaría, chocolataría, galletaría e outras elaboracións.
– UC0308_2: realizar o acabado e a decoración dos produtos de pastelería e confeitaría.
– UC0309_2: realizar o envasamento e a presentación dos produtos de pastelería e confeitaría.
– UC0310_2: aplicar a normativa de seguridade, hixiene e protección do ambiente na industria alimentaria.
■ Repostaría, HOT223_2 (Real decreto 1228/2006, do 27 de outubro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0709_2: definir ofertas sinxelas de repostaría, realizar o aprovisionamento interno e controlar consumos.
– UC0306_2: realizar e/ou controlar as operacións de elaboración de masas, pastas e produtos básicos de múltiples aplicacións para pastelería e repostaría.
– UC0710_2: elaborar e presentar produtos feitos á base de masas e pastas, sobremesas de cociña e xeados.
– UC0711_2: actuar baixo normas de seguridade, hixiene e protección do ambiente en hostalaría.

1.3.2 Título de técnico en servizos en restauración

Cualificacións profesionais incompletas

■ Servizos de bar e cafetería HOT327_2 (Real decreto 1700/2007, do 14 de decembro):
– UC1046_2: desenvolver os procesos de servizo de alimentos e bebidas en barra e en mesa.